

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA E O CONCELLO DE MUROS**

En Santiago de Compostela, a 4 de maio de 2023.

COMPARECEN

Dunha parte, D. Fernando Barros Fornos, con DNI [REDACTED], na súa calidade de Ecónomo Diocesano do *Arcebispo de Santiago de Compostela*, segundo nomeamento efectuado por Decreto do Arcebispo de Santiago de Compostela de fecha 14 de agosto de 2018, e a efectos de notificación en Praza da Inmaculada, nº 1 de Santiago de Compostela, A Coruña-

Doutra, Dna María Inés Monteagudo Romero, con DNI [REDACTED], alcaldesa do Concello de Muros (A Coruña), con domicilio para estes efectos en Curro da Praza, 1, Muros.

Ambas as dúas partes, na representación na que cada unha delas actúa, recoñécense capacidade legal para asinaren este convenio e

EXPOÑEN

1.- O Arcebispo de Santiago de Compostela é titular da parcela con referencia catastral 15054A071027140000ID, situada no lugar de Tal de Abaixo, parroquia de Santiago de Tal, concello de Muros, cunha superficie de 982 m² e que linda polo norte co predio da Escola Infantil de Tal, de titularidade municipal e que ten a referencia catastral 000104400NH03E0001KY.

2.- O Concello de Muros ten necesidade de dotar á antedita Escola Infantil dun patio de xogos para os nenos da que actualmente carecen, e o espazo idóneo para satisfacer ese servizo é unha franxa de terreo de 180 m² da parcela do Arcebispo achegada polo sur á citada Escala.

En virtude do exposto, as partes comparecentes acordan subscribir este convenio con suxeición ás seguintes

CLAÚSULAS

Primeira.- O Arcebispado de Santiago cédelle de forma gratuíta ao Concello de Muros o uso dun espazo de 180 m2 de superficie da parcela da súa propiedade referida no expoñendo primeiro, na parte que está máis achegada á Escala Infantil de Tal, coa finalidade de destinala a zona de patio de xogos desa unidade escolar e nos termos que resultan do plano que se adxunta a este convenio formando parte integrante do mesmo a todos os efectos.

Segunda.- O presente convenio ten unha duración de **catro anos** a contar dende o día de hoxe, finalizando automaticamente unha vez chegada a referida data.

No obstante, poderá darse por finalizado antes da referida data se o Arcebispado tivese unha oferta de compra ou aluguer por un terceiro, ou necesitase da parte de finca cedida para calquera actividade propia.

Terceira.- O concello de Muros non poderá realizar sobre a parte da finca obxecto da cesión de uso ningunha actuación máis alá de acondicionalo para a finalidade aquí pactada sen a autorización previa e escrita do Arcebispado. En tal sentido, calquera instalación que se faga será sempre feita de forma que a súa retirada non prexudique á parte da finca cedida, e contando con todas as autorización esixidas pola normativa vixente.

Cuarta.- Unha vez chegada a data de terminación do convenio, calquera que fora a causa, o Concello comprométese a retirar todas as instalacións feitas no espazo cedido. Se por non facelo o Concello tivese que facelo o Arcebispado o Concello virá obrigado o abono dos gastos ocasionados e dos prexuízos causados ó Arcebispado.

E para que conste, asinan este convenio por duplicado no lugar e data sinalados no encabezamento.

[Redacted signature area]

[Redacted signature area]

[Redacted signature area]

